

## **AER APORTA SUXESTIÓNS AO PXOM BASEÁNDOSE EN CRITERIOS DE SOSTIBILIDADE E CENTRADAS NAS PERSOAS**



Despois de revisar o PXOM durante varias semanas previamente ao período de suxestións que remataba en agosto, AER destaca que nos actuais documentos do PXOM non aparece ningunha nova gran infraestrutura, sobre todo a polémica A-59 que partiría diversas parroquias pola metade. Neste senso **AER critica que o PSOE de Redondela siga na teima de reivindicar esta infraestrutura de gran capacidade, tal como fixeron na última comisión do PXOM. Unha teima que xa lles supuxo hai seis anos unha importante contestación veciñal** e un importante revés electoral. Para a Agrupación de Electores, unha infraestrutura tan daniña e que prexudica directamente á totalidade da veciñanza de varias das parroquias de Redondela, non ten cabida nun PXOM moderno onde debe primar a sustentabilidade, a conectividade racional e a aposta por infraestruturas que faciliten a implantación do transporte público.

Por outra banda, **AER remitiu tanto á empresa redactora do PXOM como á Consellería de Medio Ambiente, unha batería de suxestións para a súa consideración.** Algunhas son cuestións de detalle, como a identificación de espazos libres que non foran identificados, cuestións de toponimia, valorar como patrimonio local os edificios das antigas sociedades de agricultores, a falta de identificación dos depósitos e redes de abastecemento de auga veciñais, a non reserva de espazos para instalacións públicas que se van realizar en breve ou que é moi posible que se realicen (pista de atletismo e centro cultural en Quintela, área recreativa en Negros, etc). Neste senso tamén se recomendou identificar as masas forestais de carácter protector, diferenciándoas das produtoras, para así posibilitar a futura planificación e posta en valor en base a esta peculiaridade. Tamén se incidiu en que se consideren as discrepancias coñecidas nos límites entre concellos recollendo información sobre os marcos históricos.

Entre as propostas máis concretas, AER aposta pola creación dun anel verde que rodee toda Redondela aproveitando a senda da auga, pola creación dunha rede de aparcadoiros disuasorios en Redondela, Chapela e Cesantes, ademais de planificar zonas de aparcadoiros naqueles centros culturais ou zonas de equipamentos que non contén con eles. Con respecto á mobilidade **insistimos en que os viais estruturantes, tanto antigos como os de nova planificación, permitan o desenvolvemento dunha mobilidade sostible (carrís bicis e peonís)** baseándose en deseños circulares e en zonas de tránsito peonil-bicicletas. Proponse unir a senda do Maceiras coa futura senda costeira cunha vía mixta peonil e ciclista atravesando a Vila de Redondela. Na zona da Marisma suxírese estruturar os viais e o entorno de tal xeito que se elimine o tráfico rodado da zona e, no que respecta á Senda da Auga, proponse que esta continúe ata Ventosela e O Viso por un lado, e polo outro, que conecte co centro urbano de Chapela a través da finca da Xinaria.

A Agrupación de Redondela considera que tampouco hai que perder a oportunidade de contemplar antigas demandas na seguridade viaria das estradas "nacionais". Son o caso de que se contemple a construción da rotonda na zona do "Murallón" en Cesantes e a rotonda no "Alto dos Valos". Tamén se propón que se estude en Chapela a construción dunha nova vía para vehículos como alternativa ao tráfico pesado que circula pola Avenida de Vigo e vai cara as industrias que se atopan baixando a Rúa José Fernández López.

Finalmente, unha das propostas máis interesantes de AER que afectaría moi positivamente á mellora ambiental do entorno da praia da Punta de Cesantes, e con elo ao espazo protexido da Rede Natura, sería a de **eliminar a circulación da punta da praia e levala aos novos viais interiores que o equipo redactor do PXOM contempla crear, aproveitando para crear na zona do paseo unha gran zona verde. De cara aos residentes e servizos de emerxencia, habilitaríase unha vía circular de sentido único para facilitar o seu acceso**, pero eliminaríase todo o aparcadoiro desprazando este a un aparcadoiro disuasorio localizado nas fincas próximas que tería acceso directo dende os novos viais máis afastados da costa.

Redondela, 29 de setembro de 2018